

# PROXECTO REBINXE



## Recuperación da biodiversidade na xeografía rural

Un proxecto que ten como obxectivo implicar á veciñanza na construción dun agro máis diverso, sostible e eficiente e no cal o alumnado é o protagonista.





O PROXECTO REBINXE ESTÁ COORDINADO POLO DEPARTAMENTO DE CIENCIAS NATURAIS DO IES SAN ROSENDO (MONDOÑEDO) E REALIZADO POLO ALUMNADO DE 1º BACHARELATO DA MATERIA DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.

REBINXE CONTA COA AUTORIZACIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO.

COLABORAN CONNOSCO A SOCIEDADE GALEGA DE ORNITOLOXÍA E MORCEGOS DE GALICIA. A EDICIÓN DESTE FOLLETO NON SERÍA POSIBLE SEN A PARTICIPACIÓN DO IES SAN ROSENDO E DO CONCELLO DE MONDOÑEDO. AGRADECEMOS A AXUDA DE TODOS ELES.

AS IMAXES QUE APARECEN NESTA PUBLICACIÓN SON NA SÚA GRAN MAIORÍA DE AUTORÍA PROPIA. AS RESTANTES FOTOGRAFÍAS ESTÁN LIBRES DE DEREITOS OU BEN CONTAN CO PERMISO DOS SEUS AUTORES/AS.

ALUMNADO:

Barja Díaz, DIEGO.

Barreira González, LIDIA.

Bouso Posada, MARÍA.

Díaz Otero, PABLO.

Fernández Fernández, PABLO.

Ramos Campos, MARÍA BELÉN.

Rego Fernández, XIANA.

Rubal Sánchez, ANA.

PROFESORADO:

Chao Penabad, ÓSCAR.

Penalta Rodríguez, MARÍA.

**Imprime: Imp. Suc. de Mancebo – Mondoñedo**

**Depósito Legal: LU. 71 - 2018**

# Obxectivos



**Obxectivo 1: Recuperar a biodiversidade no agro.**

**Canto máis biodiverso** é o agro máis forte e saudable se torna e a **capacidade de amortiguar impactos** coma o ataque das pragas **é moito maior**. No campo actual asistimos a un uso xeralizado de produtos químicos, ao deterioro e abandono das edificacións tradicionais, á substitución do hábitat de mosaico

por un monocultivo de eucalipto e piñeiro, a un **ambiente cada vez máis uniforme** onde as árbores e matorrais que separaban as fincas case desapareceron por completo xunto coas súas xentes.



**Obxectivo 2: Fomentar o control natural de pragas e reducir o uso de biocidas.**

Os **graves danos** que provoca o uso intensivo de praguicidas **sobre o medio ambiente e a saúde** das persoas están sobradamente estudados e demostrados pola comunidade científica internacional. Ademais estas substancias químicas acumúlanse nos solos e son lavadas con moita facilidade polas augas de esorrentía, contaminando os cursos e depósitos de auga. É por isto que **os efectos** dos biocidas moitas veces **esténdense máis alá do lugar de aplicación**.

Ademais estas substancias químicas acumúlanse nos solos e son lavadas con moita facilidade polas augas de esorrentía, contaminando os cursos e depósitos de auga. É por isto que **os efectos** dos biocidas moitas veces **esténdense máis alá do lugar de aplicación**.

Hai alternativa na agricultura moderna para reducir o seu uso? Nós cremos que si: **o control biolóxico de pragas**. Empregando unha serie de especies animais poderemos reducir o uso de praguicidas evitando riscos para a saúde e o medio ambiente, ademais de recuperar a biodiversidade animal e **reducir os custos de explotación**.



**Obxectivo 3: Rachar con prexuízos, lendas e falsas crenzas que recaen sobre certos animais.**

Moitas das especies das que falaremos a continuación non só deben loitar pola súa supervivencia contra as condicións naturais, a degradación do hábitat agrícola que os sustentaba, a perda de lugares de refuxio e aniñamento coma árbores autóctonas ou edificacións tradicionais e o uso de venenos. Aínda

por riba sobre elas recaen mitos e lendas que xeran nas xentes unha animadversión e hostilidade que sen dúbida dificultan a súa conservación e recuperación.



**Obxectivo 4:** Coñecer a distribución e comportamento de certas especies animais de interese na comarca.

A través do proxecto REBINXE buscamos obter datos de interese sobre a distribución, reprodución e comportamento das especies mencionadas a continuación. Tanto o alumnado responsable coma o profesorado, as familias e **a veciñanza en xeral pode obter e aportar numerosos datos que de outra maneira se perderían.** Esta información resulta **fundamental para planificar futuras actuacións e deseñar medidas de xestión e conservación** destas especies que repercutan positivamente nun agro máis equilibrado e saudable.



**Obxectivos transversais:** Desenvolver un traballo colaborativo de ciencia cidadá no cal participe a veciñanza dos concellos de Mondoñedo, Abadín e Lourenzá.

O proxecto REBINXE pretende a **colaboración de diferentes xeracións** coa fin de recuperar a diversidade no hábitat agrícola.

O papel das avoas e avós é fundamental: como era o agro hai anos? Que animais e vexetais eran habituais? Cales xa non se ven agora? Que construcións agrícolas había na contorna? Por que cada vez hai menos xente?... REBINXE **busca provocar que nos sentemos a falar xuntos sobre o pasado, o presente e o futuro do noso campo.**

**Existen catro vías principais de participación e colaboración co proxecto.**

- 1.- Poñendo en práctica na medida do posible as recomendacións que se explican ao longo desta publicación.
- 2.- Colaborando na instalación de refuxios e caixas niño para as diferentes especies.
- 3.- Ofrecéndose voluntario/a para a instalación de refuxios nos terreos da súa propiedade.
- 4.- Enviando información sobre o avistamento ou presenza de especies de interese.

**Ao término deste folleto atoparás información sobre como contactar e colaborar connosco.**

# Vantaxes dun medio agrícola equilibrado e do control natural de pragas

Un campo máis diverso a nivel ambiental é un campo máis equilibrado, cheo de vida e resistente aos ataques de posibles pragas. Catro son as principais vantaxes dun medio agrícola con estas características:

- Menor risco para a nosa saúde: se usamos menos pesticidas e empregamos os depredadores naturais do ecosistema estaremos menos expostos a unha serie de produtos químicos que non deixan de ser outra cousa ca velenos.
- Reduce o impacto dos praguicidas no medio ambiente: diminuíndo a súa utilización evitaremos a contaminación dos cursos e depósitos de auga, do solo, ou a morte e desaparición de especies ás cales os velenos non ían dirixidos.
- Minimiza os custos de explotación agrícola: a **instalación de caixas niño** supón unha inversión de 15- 50 euros, cubriría unhas 5 hectáreas de cultivos e pode durar ata 15 anos. Os custos de tratamentos con praguicidas para a mesma superficie de terreo poden chegar a ser 20 veces superiores ademais de non garantir o éxito e seren moito menos específicos.
- Cumpre coas esixencias dunha sociedade cada vez máis sensibilizada: o proxecto responde a unha crecente demanda de actividades respectuosas co medio ambiente a todos os niveis.
- Repercute no futuro do medio agrícola-gandeiro: a sociedade benefíciase de volver a ver un agro rico en vida animal e vexetal, de recuperar especies que desapareceran, recuperar a paisaxe degradada por anos de tropelías converténdoa nun valor engadido máis, e de volver por fin a ver as aldeas e vilas cheas de xente que poida e queira vivir nelas.

# Boas prácticas para un agro máis diverso

A continuación recolleemos unha serie de medidas para conseguir un campo rico en biodiversidade e favorecer a presenza dos depredadores naturais cos que conta o ecosistema para combater os desequilibrios que se produzan no mesmo, coma as pragas.

## ➤ Preservar e fomentar a vexetación autóctona nas explotacións agrarias:



### Recomendamos manter a vexetación nas lindes:

setos, árbores, arbustos, illotes de vexetación... As especies autóctonas **permitirannos**: aportar materia orgánica ao solo e manter a súa fertilidade; actuarán coma corredores para a biodiversidade entre parcelas; evitarán o lavado do terreo por excesiva escorrentía superficial; serven de refuxio e alimento a multitude de

especies (insectos, aves, anfibios, mamíferos...) que axudan na prevención das pragas; amortiguan o vento, as xeadas, producen sombra e manteñen a humidade.

## ➤ Manter e conservar construcións e elementos tradicionais do agro:

Os cabazos, pombais, paleiras, cortes ou muros de pedra **son lugares empregados para a cría e refuxio por multitude de animais que resultan ser predadores naturais das pragas.**



## ➤ Coñecer e respectar a fauna autóctona existente na contorna e os depredadores naturais. Non debemos deixarnos levar polas crenzas e prexuízos que recaen sobre algúns destes animais: todos eles cumpren o seu papel fundamental na regulación do ecosistema. É importante **ser coidadosos cando levamos a cabo certas labores coma segas ou desbroces en época de reprodución e cría** (para a maioría das especies esta adoita coincidir nos meses primaverais, aínda que non sempre é así).

➤ Protexer e coidar os regos e ríos, así como a vexetación de ribeira, pois constitúen un reduto importante para a biodiversidade fronte ao medio monótono e simple no que se ten convertido o agro. Igualmente debemos **respectar os ambientes húmidos coma charcas ou outras acumulacións de auga** (xa sexan naturais ou artificiais), pois favorecen a presenza dos anfibios, que como veremos tamén resultan beneficiosos para o/a agricultor/a. Se fose posible sería interesante **non cultivar ou traballar aquelas zonas que se encharquen durante o inverno ou primavera con frecuencia** para permitir o desenvolvemento deste grupo de animais.

➤ Minimizar o uso de fitosanitarios e tamén doutros produtos químicos coma fertilizantes. Estes provocan graves alteracións nos ecosistemas (coma a contaminación e eutrofización dos cursos de auga). Podemos **empregar abonos orgánicos** (evitando o rego con xurros) e o **control natural das pragas**. Se utilizamos produtos químicos debemos priorizar o uso dos que teñan unha menor incidencia toxicolóxica e cumprir sempre coa lexislación no respectivo ás doses, modo de aplicación, reciclaxe dos envases, etc.

➤ Instalar se fose necesario elementos artificiais que favorezan a presenza das especies controladoras de pragas. Estes elementos poden ser **comedeiros** que axuden a certos animais a pasar o inverno cando o alimento escasea, **bebedeiros, pousadoiros** (por exemplo, a colocación de estacas sobre unha colonia de roedores favorecerá a súa predación por parte de aves rapaces), **refuxios e caixas niño**.



A continuación veremos detalladamente cales son estes animais beneficiosos para o agro e que actuacións concretas podemos levar a cabo para axudar á súa recuperación no noso campo.

# AVES

Existen diversas especies de aves que podemos atopar na nosa zona e que poden axudarnos a combater as pragas ou depredar aqueles animais que provocan danos nas nosas terras e cultivos. De seguido imos aprender a identificalas, coñecer por que son beneficiosas e como podemos facilitar a súa presenza.

## AVES RAPACES



### LAGARTEIRO PENEIREIRO (*Falco tinnunculus*)

**Descrición:** É un falcón de pequeno tamaño no que podemos diferenciar facilmente os machos das femias, pois os primeiros teñen o dorso de cor tella e a cabeza gris. Abrangue un territorio de caza relativamente pequeno, de pouco máis de 1 km de radio, polo que a súa acción predadora pode ser moi eficaz. Podemos observalo con

frecuencia parado a certa altura batendo rapidamente as ás pero sen desprazarse (de ahí o nome de peneireiro). Tamén se ve pousado en cables e postes.



**Como pode resultarnos beneficioso?:** Como o seu outro nome indica tamén se alimenta de réptiles, pero as súas presas predominantes son roedores como as trilladeiras (topillos), insectos (saltóns, grilos...) e



pequenas aves. É un gran aliado na loita contra os roedores xa que é capaz de sacar adiante ata media ducia de polos cada ano, os cales son alimentados case exclusivamente con este grupo de animais. Segundo datos de GREFA, unha soa parella pode depredar 700 trilladeiras para alimentar a súa descendencia, que logo cada ano consumiría ao redor de 1000 trilladeiras máis. Cultivos de forraxe poden aumentar a produción anual nun 10-20% ao reducírense os danos causados polos roedores.

**Como podemos facilitar a súa presenza?** Pódense colocar caixas niño nos terreos que se desexe protexer. Necesitan ser instaladas a unha altura de entre 4 e 5 metros, nun hábitat agrícola aberto. Deben colocarse en postes, edificios ou árbores. Son de moi sinxela construción e o precio non supera os 40 euros.



**Que ameazas sofre?** As principais ameazas para esta ave rapaz son a perda do hábitat agrícola en favor do forestal ou debido ao abandono das terras de labor; tamén o uso rodenticidas e insecticidas que pode envelenalos, así coma os choques contra os tendidos eléctricos.

*Caixa niño para lagarteiro instalada en Vilamor.*





## CURUXA (*Tyto alba*)

**Descrición:** É unha rapaz nocturna de mediano tamaño moi fácil de identificar se se chega a ver, porque isto non é nada doado. Ten unha cor alaranxada e gris no dorso, coa cabeza e ventre brancos. Destaca a gran cabeza e o seu disco facial en forma de corazón que emprega para dirixir as ondas sonoras cara os oídos: así é como detecta ás súas presas. É moi silenciosa e ten un voo lento e elegante. Habita dende hai séculos ligada ao home, repousando e

aniñando en palleiras, faiados, igrexas, ocos de árbores... En Galicia emprégase frecuentemente o nome xenérico de curuxa para referirse a varias rapaces nocturnas ademais desta especie, como as avelaionas (*Strix aluco*) ou os mouchos (*Athene noctua*). A diferenza destas últimas, que emiten sons característicos de maneira habitual, as curuxas son moi silenciosas, polo que se escoitamos algunha rapaz nocturna é probable que non sexa unha verdadeira curuxa. **É difícil de observar e de escoitar, pero resulta máis habitual ver as súas egagrópilas (unha especie de boliñas que regurxita cos ósos e pelo das súas presas), as súas plumas ou os seus excrementos brancos no interior de edificacións.**



*Rastros que permiten confirmar a presenza desta especie: fotografías de plumas, egagrópilas e excrementos de curuxa.*



**Como pode resultarnos beneficiosa?** As principais presas destas rapaces son as trilladeiras, ratos e furafollas. **As curuxas son capaces de cazar entre 1000 e 3000 roedores só durante a época de cría.** Ante a ausencia de depredadores os roedores multiplicaríanse rapidamente, pois cada femia de rato pode sacar a diante entre 3 e 10 crías en cada camada e poden chegar a reproducirse 10 veces ao ano. Ademais os novos roedores aos dous meses xa son maduros sexualmente e poden criar á súa vez, converténdose nunha praga que dane seriamente os cultivos. Por iso é tan importante o papel destas e outras aves rapaces.

**Como podemos facilitar a súa presenza?** Unha das causas do descenso das súas poboacións é a perda de lugares de aniñamento e refuxio, coma cabazos, paleiras, campanarios, faiados de casas, ocos de árbores autóctonas... Conservando e recuperando estes elementos podemos botarlles unha man. Ademais existen outras medidas a curto prazo como **colocar caixas niño tanto en árbores coma no interior de edificios** con saída directa ao campo. A súa construción e instalación é algo máis complexa ca no caso anterior, pero duran moitos anos.



*Imaxes dunha das caixas niño para curuxas fabricadas e instaladas nunha árbore en Espiñarcao (Abadín)*



*Instalación dunha caixa niño no interior dunha paleira en Viloalle (Mondoñedo) e seguemento mediante cámara de fototrampeo. Na derradeira foto observamos un exemplar de curuxa que ocupou esta caixa (imaxes obtidas mediante sistema de fototrampeo con luz invisible infravermella).*

**Que ameazas sofre?** As poboacións desta ave están a sufrir un **importante retroceso que nalgúns casos chega ao 50%**. Este foi un dos motivos polos que a curuxa foi escollida en votación neste **2018 coma Ave do ano pola Sociedade Española de Ornitología**. Miles de curuxas morren cada ano vítimas de **atropelos, envelenadas con rodenticidas**, ou por choques co tendido eléctrico. Ademais sofren un deterioro do seu hábitat típico: a campiña. Cada vez teñen menos lugares onde refuxiarse e criar pola perda de árbores autóctonas e o derrubamento ou rehabilitación desaxeitada de edificacións.

**Que mitos, lendas ou crenzas sobre esta especie debemos superar?** Sobre as curuxas pesan moitas lendas na mitoloxía galega, onde se **asocian á morte e aos malos presaxios**. Dise que cando se ven estas aves nos arredores anuncian a morte e outras desgrazas coma treboadas. Relaciónanse co demo e as bruxas . Nada máis ca contos... Ademais de seren animais fermosos, polos beneficios que ofrecen ao/á agricultor/a debemos alegrarnos se gozamos da súa presenza!



## MOUCHO COMÚN (Athene noctua)

**Descrición:** Rapaz nocturna de **pequeno tamaño (uns 25 cm de alto)** con un chíu característico que lembra ao dun gato miando. Teñen unha plumaxe parda moteada e grandes ollos amarelentos. Son doados de identificar tanto polo seu canto coma polo seu aspecto. **Pódense observar en árbores, edificacións ruinosas, muros de pedra, hórreos, palleiras ou igrexas, mesmo de día.** Ao igual ca no caso anterior, é posible atopar excrementos,

plumas ou egagrópilas (tal e como se ve nas imaxes, neste caso son entre 3 e 4 veces máis pequenas que as das curuxas, máis claras e delas sobresaen as cutículas escuras de insectos).

### Como pode resultarnos beneficioso?:

Aliméntanse tanto de **insectos** de certo tamaño **coma de roedores**, polo que resulta de gran interese contar con eles nos arredores de cultivos herbáceos ou frutais.



*Egagrópilas e pluma de moucho.*



**Como podemos facilitar a súa presenza?** Podemos axudar a esta especie mellorando o hábitat agrícola e **conservando as edificacións e elementos que emprega como refuxio.** Tamén é moi útil a **instalación de caixas niño** no caso desta ave. As caixas son máis baratas e sinxelas colocar ca no caso das curuxas (o seu **prezo ronda os 35-40 euros**).

**Que ameazas sofre?** Moitos mouchos son vítimas de atropelos e dos efectos dos pesticidas. Ademais teñen que enfrontarse á **difficultade de atopar lugares para refuxiarse e criar** xa que na zona non abundan as árbores con buratos onde aniñar, ou debido ao abandono e restauración das edificacións tradicionais. Por iso é tan importante a instalación de caixas niño.

**Que mitos, lendas ou crenzas sobre esta especie debemos superar?** Ao igual ca no caso anterior, os mouchos teñen que lidiar con lendas e **crenzas en Galicia que os relacionan coa morte e as desgrazas**. Ouvir o seu canto ou atoparse con esta ave considerábase presaxio funesto. Tamén se cría que as bruxas e ananos podían transformarse nestes animais para anunciar a morte. Por suposto non son máis ca lendas. Se temos a sorte de contar cunha parella de mouchos nos arredores poderemos alegrarnos pois contamos con un aliado moi eficaz contra insectos indesezados e roedores.



**1.** *Proceso de construción dunha caixa niño para mouchos (obsérvase o detalle do corredor en L para garantir unha máxima escuridade na cámara de incubación).*



**2.** *Moucho adulto (abaixo á dereita) con dous polos nun cemiterio da Mariña.*



**3.** *Caixa lista para a súa instalación con cuberta de tela asfáltica para asegurar unha boa impermeabilidade e conseguir aumentar a súa resistencia ás inclemencias meteorolóxicas.*



## MIÑATO (*Buteo buteo*)

**Descrición:** Trátase dunha rapaz diúrna que recibe multitude de nomes: miñato, azor, bexato... Ten gran porte e cor parda que alterna con manchas brancas no ventre. Pode presentar variacións na plumaxe con maior ou menor porcentaxe de branco. É **moi fácil de observar** pois é abundante e **pode verse pousado en estacas, postes e cables axecendo en busca de presas.**

**Como pode resultarnos beneficioso?:** O seu nome en castelán, "ratonero" fai referencia á predilección destas aves polos roedores, aínda que tamén se alimenta doutros pequenos mamíferos, insectos e réptiles.

### **Como podemos facilitar a súa presenza?**

Neste caso, debido á súa abundancia e a que non necesita de buratos nin lugares escuros para aniñar, simplemente bastaría con **garantir a existencia de postes ou estacas nas lindes**, onde se pousa para espreitar ás súas presas.

**Que ameazas sofre?** Neste caso é unha ave que non conta con grandes ameazas, a excepción dos pesticidas.



*Miñato rematando de inxerir unha presa, nesta ocasión un réptil.*

**Que mitos, lendas ou crenzas sobre esta especie debemos superar?** Non debe confundirse con outras rapaces coma o azor ou o gavián; frecuentemente os nomes comúns mistúranse, mesmo dándosele a todas elas o xenérico de "rapiñas", pero resultan ser especies diferentes. A diferenza sobre todo do azor, **os miñatos non supoñen un perigo para as aves de corral**, algo que é común escoitar entre a veciñanza.



## TARTARAÑA CINCENTA (*Circus pygargus*)

**Descrición:** É unha rapaz diúrna esbelta de algo máis dun metro de envergadura. **Habita o monte baixo de toxos e xestas e os campos de cereais.** Destaca a gran diferenza entre os machos, grisáceos ou moi escuros na súa variedade melánica, e as femias, que son pardo-avermelladas.

**Como pode resultarnos beneficiosa?:** É **depredadora** de pequenos mamíferos entre os que destacan os **roedores, e concretamente as trilladeiras.** Tamén de insectos, pequenas aves, réptiles e anfibios. **Na época de cría pode sacar adiante ata 5 polos e capturar máis de 2000 roedores** para alimentalos **en pouco máis de 2 meses.**

**Como podemos facilitar a súa presenza?** Debemos coidar o hábitat agrícola tradicional evitando as plantacións de eucaliptais e **mantendo o monte baixo e os cultivos de secano.** Xa que aniña no chan, para **evitar a mortandade nas labores de colleita** podemos deixar unha marxe arredor do niño ou retrasala un par de semanas.



**Que ameazas sofre?** Ao igual ca o resto de rapaces citadas, a excepción do miñato, trátase dunha ave catalogada coma vulnerable e con tendencias poboacionais negativas. As principais ameazas son as **colleitoras** (pois é unha especie que aniña no chan, a miúdo en cultivos de cereais), os **insecticidas e rodenticidas**, pero sobre todo a perda de hábitat pola **substitución do monte baixo de toxo e xesta polos cultivos de eucalipto e piñeiro.**



**Que mitos, lendas ou crenzas sobre esta especie debemos superar?** Non temos constancia de crenzas ou lendas sobre a tartaraña cincenta.

*De arriba a abaixo: 1.- Macho de tartaraña cincenta de morfo escuro. 2.- Exemplar femia (fotografías cedidas por Antonio Salazar e realizadas en Portomarín). 3.- Macho en voo (fotografía cedida por Xabier V. Pumariño/Birding.gal).*

# AVES INSECTÍVORAS



**Descrición:** Existen multitude de aves de pequeno e mediano tamaño **que se alimentan exclusivamente de insectos**, ou ben estes supoñen unha parte fundamental da dieta. Moitas delas son ben coñecidas e **doadas de observar e identificar**: anduriñas, anduriñas de cu branco, lavercas, ferreiriños, lavandeiras, rabirrubios, papuxas, merlos, tordos, picas dos prados, carrizos, picaxuncos...

**Como poden resultarnos beneficiosas?:** Estes pequenos animais **depredan sobre moitos dos insectos praga, coma insectos xilófagos e fitófagos** (que destrúen a madeira e as follas dos cultivos, respectivamente) ou as **eirugas de avelaiñas que afectan aos frutais**. Algunhas destas aves poden consumir a diario a metade do seu peso en insectos, o que equivale **cada ano a uns 2,5 kg de insectos por individuo**: non hai mellor insecticida. Estímase que **a presenza dunha parella de ferreiriños pode case duplicar a produtividade en frutais**.

**Como podemos facilitar a súa presenza?** Simplemente coa **instalación de pequenas caixas niño, moi baratas e doadas de colocar** (o seu prezo ronda os **15 euros**). Modificando lixeiramente as dimensións e o diámetro do burato de entrada podemos seleccionar a especie máis axeitada segundo o tipo de cultivo que desexamos protexer e a praga que nos esté a perxudicar.



1



2



3

**1.-Femia de chasco (*Saxicola torquatus*) con un insecto recién capturado. 2.- Picaxuncos (*Cisticola juncidis*). 3.- Pica dos prados (*Anthus pratensis*), un visitante invernal moi habitual.**



4



6



5

4.-Polo de anduriña (*Hirundo rustica*) alimentado por un proxenitor. 5.- Niño de anduriña de cu branco (*Delichon urbicum*). 6.- Femia de rabirrubio (*Phoenicuros ochruros*).



7



8

9

7 e 8.- Caixas niño para aves insectívoras (non é necesario cravalas nas árbores, poden colgarse mediante arames sen danar a vexetación).  
9.- Detalle do interior dunha caixa niño na que criou unha parella de ferreiriños comúns (*Periparus ater*).





# MAMÍFEROS



## MORCEGOS

**Descrición:** En Galicia atopáronse ata **24 especies de morcegos**, se ben a súa distribución varía en función do tipo de hábitat. Ademais coñecemos aínda pouco sobre a súa verdadeira abundancia e o territorio que ocupan xa que non son doados de estudar e hai poucas prospeccións. Entre os máis comúns atópanse os morcegos de ferradura (xénero *Rhinolophus*), os morcegos orelludos (xénero *Plecotus*), o morcego anano ou común (*Pipistrellus pipistrellus*) ou os do xénero *Myotis*. A maioría de

especies son **difíciles de identificar salvo que se capturen ou se atopen nos seus refuxios**. Estes van dende buratos nas árbores, covas... ata calquera fenda, oco ou estancia escura nos edificios. É frecuente velos preto das luces pola noite perseguindo insectos.

**Como poden resultarnos beneficiosos?** Todas as especies en Europa aliméntanse de insectos, polo que son de utilidade no control das poboacións destes invertebrados, sobre todo nas daqueles que poden converterse en pragas agrícolas e forestais. **Resultan ser os principais consumidores de insectos na nosa latitude.**

Tal e como recolle Morcegos de Galicia, son presas dos morcegos moitos insectos defoliadores en fragas e cultivos, coma o *Gonipterus* ou a pulga do carballo. Tamén os que atacan a madeira como as carcomas, ou as polillas da roupa e os mosquitos.

Pese ao seu pequeno tamaño e peso (uns 12g de media) son moi activos e poden consumir un terzo do seu peso en insectos cada noite. Botando contas, **cada morcego ao longo dun ano podería cazar 1kg de insectos.**



**Como podemos facilitar a súa presenza?** Podemos axudalos conservando os seus lugares de repouso, respectando a súa presenza no caso de atopalos en edificacións ou **construíndo caixas de refuxio.**

**Que ameazas sofren?** As principais ameazas para os morcegos son a **pérdida de hábitat** e lugares de refuxio, os **pesticidas**, e os **mitos e falsas crenzas** que acarrean e xeran unha aversión inxusta por parte do ser humano.


**Que mitos, lendas ou crenzas sobre esta especie debemos superar?** Tal e como recolle a asociación Drosera no seu programa Morcegos de Galicia, son varios os prexuízos que soportan estes mamíferos. Por unha banda **está a crenza** de que son moi perigosos por **transmitiren multitude de**



**enfermidades**, pero non máis ca calquera animal salvaxe e unicamente se os collemos coa man polo que basta con non capturalos ou manexalos por persoal especializado porque non nos van a atacar. Tamén existe o mito **de que poden roer o millo, comer os chourizos e alimentarse de sangue**, pero como xa explicamos todos os morcegos de Europa aliméntanse de insectos. Só existen tres especies no mundo que se alimenten de sangue e as tres habitan na América tropical.



*Caixa refuxio para morcegos instalada no IES San Rosendo. Consta de dúas cámaras intercomunicadas.*



*As fotografías amosan o traballo de captura, toma de datos biométricos e anelamento de diferentes especies de morcegos durante o pasado mes de setembro preto dunha cova no concello de A Pontenova.*



## **DONICELA (Mustela nivalis)**

**Descrición:** É un carnívoro de **pequeno tamaño**, moi **áxil e esbelto**. Recibe outros nomes coma **denociña, doniña ou saltaparedes**. Ten un **corpo moi alongado, pardo no dorso e branco no ventre**.

**Como pode resultarnos beneficiosa?** É unha voraz depredadora de trilladeiras, ratos e ratas.

### **Como podemos facilitar a súa presenza?**

Podemos axudala **conservando o hábitat agrícola de mosaico e mantendo muros e acumulacións de rochas nas lindes**, onde pode refuxiarse e criar.

**Que ameazas sofre?** Principalmente a **perda de hábitat** e a **eliminación** por considerala competidora para a **caza** e asociala a certas lendas e mitos.



### **Que mitos, lendas ou crenzas sobre esta especie debemos superar?**

Sobre ela pesan lendas que a fan **responsable de deixar sen leite a vacas e ovellas polas noites**. Tamén existen crenzas que a consideran **venenosa e moi vengativa**, pois podía escoitar á xente falar dela e arrincarlle os ollos . Por suposto, todas **estas historias son disparatadas**.



## OURIZO CACHO (*Erinaceus europaeus*)

**Descrición:** Sobradamente coñecido e doado de identificar, é un **carnívoro** de **hábitos nocturnos**. Ao igual ca os morcegos, refúxiase para pasar o inverno hibernando ata a primavera.

**Como pode resultarnos beneficioso?** Trátase dun depredador que resulta de interese para o/a agricultor/a, pois **aliméntase de insectos, caracois, lesmas ou babosas, miñocas...**

### **Como podemos facilitar a súa presenza?**

É posible facelo **conservando o matorral, árbores ou rochas nas lindes** entre as fincas. Nestes lugares os ourizos poden atopar refuxio dos depredadores.

**Que ameazas sofre?** Poden sufrir os efectos dos **biocidas** por bioacumulación. Un gran número perde a vida nas estradas **atropelado**.



**Que mitos, lendas ou crenzas sobre esta especie debemos superar?** Non temos constancia de lendas sobre esta especie na mitoloxía galega.



## RAPOSO (Vulpes vulpes )

**Descrición:** É un dos carnívoros sivistres máis coñecido pola poboación, polo que resulta innecesaria a explicación das súas características.

**Como pode resultarnos beneficioso?** Os raposos teñen entre as presas principais na súa dieta os roedores, sendo de gran axuda na erradicación de pragas de **trilladeiras, teipas ou ratos.**

### **Como podemos facilitar a súa presenza?**

Simplemente é suficiente con **respectalo, non perseguilo** nin cazalo se non existe unha xustificación científica. Se se descobre o seu cubil non debemos molestalo.

**Que ameazas sofre?** Principalmente a súa **caza.**

### **Que mitos, lendas ou crenzas sobre esta especie**

**debemos superar?** O raposo ten unha mala fama coma depredador moitas veces inxustificada. É frecuente que leve as culpas no caso de danos a **aves de corral** ou outros animais domésticos, pero a



miúdo son outros mamíferos ou aves os responsables. **Ademais** cumpren un papel moi importante nos ecosistemas ao estaren na cima das redes tróficas, regulando así as poboacións doutros animais. **Se os perseguimos e cazamos estaremos correndo o risco de producir graves desequilibrios ecolóxicos** que poden traer como consecuencia o aumento das poboacións de certas especies que provocarían danos nas colleitas.

# RÉPTILES

## SERPES



**Como pode resultarnos beneficiosa?** Na súa dieta atópanse **varias especies de roedores**, polo que axuda a controlar as súas poboacións.

**Como podemos facilitar a súa presenza?** É suficiente con conservar o hábitat de matogueira e **respectalas coma unha especie máis do ecosistema.**



**atacar se se sinte ameazado.** É suficiente con non intentar collela ou molestala e non nos causará dano algún. Moita xente confúndea ademais con diferentes especies de cobras. **Matar calquera serpe, sexa víbora ou non, supón un acto de ignorancia** pois coma o resto de especies cumpre o seu papel no ecosistema. Moitas crenzas e **mitos asóciana co diaño.** Sobre as serpes en xeral existen **lendas tan increíbles coma que axexan ao gando e mesmo ás mulleres embarazadas para chuchar no leite. Fálase mesmo de que as libera a administración autonómica, algo totalmente falso.**

### VÍBORA DE SEOANE (Vipera seoanei)

**Descrición:** Trátase da principal serpe predadora de especies que poden resultar perxudiciais para o agro. **De cores pardas, presenta numerosas variacións na pigmentación.** O resto de culebras e víboras teñen outro tipo de presas (anfíbios, lagartixas...) ou ben non están presentes na nosa zona.



**Que ameazas sofre?** A perda do hábitat de matogueira polos cultivos de Eucaliptus sp. e Pinus sp. Tamén os **atropelos** nas estradas e sobre todo a morte directa a mans do home por considerala moi perigosa.

**Que mitos, lendas ou crenzas sobre esta especie debemos superar?** É certo que se trata dun réptil con veneno (o único na nosa zona) e que pode ser perigoso, pero **unicamente pode**

# LAGARTOS E LAGARTIXAS



## LAGARTIXA DA SERRA (*Iberolacerta monticola*)

**Descrición:** Só está presente no NO da península ibérica. É unha lagartixa típica das zonas das serras e as súas inmediacións. De tamaño medio, as súas cores varían pero mantendo puntos negros sobre un fondo verde e pardo. Os xuvenís teñen a cola dunha cor azul moi chamativa, fronte ao resto do corpo pardo.



## LAGARTO DAS SILVAS (*Lacerta schreiberi*)

**Descrición:** Trátase dun **endemismo do noroeste peninsular**. Lagarto de **gran tamaño** (ata 40 cm), con chamativas cores verdes no corpo con moteado negro e a cola e a cabeza de cor parda. Os machos en época reprodutora posúen unha espectacular cor azul na cabeza. Os xuvenís son pardo-verdes con manchas claras nas costas.



## LAGARTIXA GALEGA (*Podarcis bocagei*)

**Descrición:** É un **endemismo do NO ibérico**. Os machos teñen o dorso verde e as costas pardas. As femias e xuvenís son pardas.

**Como poden resultarnos beneficiosos?** Os lagartos e lagartixas **aliméntase fundamentalmente de insectos**, polo que regulan as súas poboacións.

**Como podemos facilitar a súa presenza?** Principalmente conservando o hábitat e **mantendo a vexetación caducifolia e de matogueira nas lindes**, así coma os **acúmulos de rochas**.

**Que ameazas sofren?** A perda de hábitat é o seu principal problema.

**Que mitos, lendas ou crenzas sobre estas especies debemos superar?** É frecuente escoitar que son animais venenosos, pero nada máis afastado da realidade. Non supoñen ningunha ameaza para as persoas, a pesar das súas chamativas cores.

# ANFIBIOS

**Descrición:** Os anfibios son un **grupo** de vertebrados **moi ameazado** e sensible aos cambios ambientais, polo que resultan bos indicadores do estado de conservación no que se atopan os nosos ecosistemas. Viven **asociados á auga, pero non pasan toda a vida nela**, senón que cando son adultos viven no medio terrestre onde se alimentan (sempre que existan unhas mínimas condicións de humidade). **Falamos de sacabeiras, limpafontes ou tritóns, sapos e ras.**

**Como poden resultarnos beneficiosos?:** Son depredadores de insectos, arácnidos e vermes, polo que resultan bos aliados do/a agricultor/a.

**Como podemos facilitar a súa presenza? Coidando e mantendo as zonas húmidas e a súa vexetación.** Estes lugares poden ser naturais (coma pozas, lagoas, marxes de regos, matorrais húmidos...) ou artificiais (fontes, bebedeiros do gando, balsas de rego...).

**Que ameazas sofren?** Os anfibios reciben multitude de ameazas. Moitas especies sofren a **xenreira inxustificada** do ser humano por consideralos animais desagradables ou debido a lendas e mitos, polo que son eliminados. Ademais, existen outros problemas como a **contaminación e desecación dos puntos húmidos** onde viven e crían, os atropelos, a depredación por **especies alóctonas** coma o cangrexo americano, e os efectos dos **insecticidas**.

**Que mitos, lendas ou crenzas sobre esta especie debemos superar?** Arredor destes animais hai multitude de lendas. Dos **sapos** dise que **o demo** adopta a súa forma, que están ás ordes das **bruxas** e que son **venenosos**. Das sacabeiras dise que posúen veneno e poden matar ás persoas ou envelenar os froitos e o gando, ás veces só coa súa presenza (fálase do "aire" coma un efluvio que mana destes animais e afecta aos que se atopan preto). **Ningún anfibio galego é venenoso.**



1

1.- Sacabeira, sapagueira, píntega ou salamántiga. (*Salamandra salamandra*).

2

2.- Limpafontes verde (*Triturus marmoratus*)

3

3.- Sapo común (*Bufo bufo*)



# QUERES COLABORAR CONNOSCO?



O proxecto REBINXE non sería posible sen a colaboración veciñal. Entre os obxectivos primordiais están a implicación da veciñanza e realizar un traballo colaborativo de ciencia cidadá. **Só se pode conseguir un agro máis diverso se contamos coa implicación de todos os sectores e ámbitos da poboación.**

Agradecemos enormemente a cooperación de calquera persoa. Para iso non é necesario contar cunha formación nin coñecementos específicos.

As diferentes opcións para a colaboración con REBINXE son:

- **Colaboración na construción, instalación das caixas e refuxios para a fauna, ou na compra de material para a súa elaboración.** Contacta con nós!
- **Voluntariado interesado no control natural de pragas que ofrezca lugares nas súas parcelas para a instalación de caixas niño e refuxios.** Contacta con nós!
- **Colaboración no envío de datos e información sobre a presenza das seguintes especies ou grupos de animais:**
  - ✓ Lagarteiro peneireiro
  - ✓ Curuxa
  - ✓ Moucho
  - ✓ Tartaraña cincenta
  - ✓ Anduriña de cu branco
  - ✓ Presenza de morcegos en edificacións
  - ✓ Donicela
  - ✓ Víbora de Seoane

Para facilitar o proceso, se observas calquera destes animais, os seus rastros, ou sospeitas da súa presenza na túa propiedade, podes cubrir a ficha que ven na seguinte páxina e enviarnos unha fotografía a través de calquera das vías de contacto.

<b>OBSERVADOR/A:</b>			<b>ESPECIE:</b>	<b>POBOACIÓN:</b>
<b>CONCELLO:</b>			<b>COORDENADAS:</b>	<b>DATA E HORA:</b>
<b>TIPO DE OBSERVACIÓN</b> (marcar cunha X)			<b>NÚMERO DE EXEMPLARES</b>	
<b>Exemplar vivo</b>	<b>Exemplar morto</b>	<b>Rastros</b>		
<b>COMENTARIOS OU DETALLES DA OBSERVACIÓN</b> (comportamento, hábitat ou tipo de edificio no que se observou, causa da morte, tipo de rastro atopado...)				

## CONTACTO



proxectorebinxe@gmail.com



620 837 601



Busca a nosa **páxina en Facebook** coma **Proxecto Rebinxe** ou escanea o código QR. Dalle a “gústame” e séguenos para recibir novas e atopar máis información sobre o proxecto.



Proxecto



Pola Recuperación da Biodiversidade na Xeografía Rural

COLABORAN:



*IES San Rosendo*



*Concello de Mondoñedo*

